

MÚSICA OBSCURA

Así é como chamarei a esta sección que hoxe comeza en Mercadovinilo. Fun invitado, xa dende o principio, polos coordinadores da revista, así que estou encantado de colaborar nesta prometedora publicación, e como todavía non tuven a ocasión de facelo público, (o primer artigo que entregamos foi o resumo do Festival IFI, por Fran Pérez Lorenzo, o responsable de prensa do IFI), aproveito estas liñas para apoiar esta iniciativa e desexar que teña continuidade.

¿Qué porque chamo "música obscura" a esta sección?. Pois porque a música é unha linguaxe enigmática, obscura, subversiva e, sobre todo, universal. Moitos filósofos e teóricos trataron de chegar ó "corazón" dela; chegar ó lugar das respostas, a esa carpeta "top secret" onde atopar a solución ó enigma para así durmir tranquilos, sin a ameaza dunha linguaxe desconocida e incontrolable. Pero ata hoxe, ninguén foi capaz de descifrar este código obscuro, por elo só cabe unha pregunta: ¿é necesario descifralo?, ¿aportaranos algo un descubrimento deste tipo?.

Aquí tedes algunhas frases e conclusións sobre o tema:

«a sucesión de sons xa non representa o significado, senón que é o significado [...]»
Claude Debussy (a principios do século pasado)

"A música é unha especie de lingua extranxeira que eu non falo pero que me fala. Sabe de min o que eu ignoro"
Michel Schneider (fai tres anos)

"A música falavos de vos mesmos e relátavos o poema de vosa vida; incorpórase a un, e un fúndese en ela"
Charles Baudelaire (a finais do século XIX)

"Incluso pódese dicir que o seu dominio empeza alí onde remata o da fala"
Sigmund Freud (a principios do século pasado)

"Estos obxectos como creacións do propio espírito non as podemos explicar, senón que só podemos comprendelas"
Dilthey (a finais do século pasado)

«Tódala música non é máis cunha sucesión de impulsos que converxen hacia un punto concreto de reposo»
Igor Stravinsky (a mediados do século pasado)

a música é «xeometría no tempo»
Arthur Honegger (a mediados do século pasado)

E xa para rematar esta sección, unha pequena homenaxe a un dos músicos máis importantes do século XX, un dos pioneiros na utilización das ferramentas electrónicas e un dos grandes creadores do século pasado. Formou parte, dende Italia, do triángulo europeo de experimentación electrónica (en Francia Pierre Schaeffer inventaba a música "concreta" e en Alemaña Stockhausen experimentaba cos primeiros sintetizadores), falo de Luciano Berio, que desapareceu o mes pasado. Dixo:

«Non creo á xente cando me di: "Non entendo esta música, ¿poderíame explicar?" Isto quere dicir que eles mesmos non se entenden, nin entenden o lugar que ocupan no mundo. Non se dan conta de que a música tamén é un produto da vida colectiva.»

Luciano Berio

Tamén me apetece falarvos dos primeiros instrumentos electrónicos, aqueles aparellos que anque agora forman parte da historia, foron os embrións dos actuais equipos multifunción. No próximo número falareivos das Ondas Martenot, dos Intonarumoris e doutros trebellos destas épocas. Ata aquela

Chiu Longina